



## ANUNCIO DE APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DO PROGRAMA CONCILIA BUEU 2024

En sesión de Xunta de Goberno Local celebrada o día 04/06/2024, prestouse aprobación ao Programa Concilia Bueu 2024, conforme a proposta da Concelleira delegada de Benestr Social e Igualdade e o seu correspondente prezo público, conforme o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o Programa Concilia Bueu 2024, que se desenvolverá do 24 de xuño ao 6 de setembro de 2024, distribuído en 4 quendas, cun horario máximo de 8.00 h a 15.00h e con 120 prazas para cada quenda. As quendas serán as seguintes:

- 1º quenda: do 24 ao 28 de xuño de 2024
- 2º quenda: do 1 ao 31 de xullo de 2024
- 3º quenda: do 1 ao 31 de agosto de 2024
- 4º quenda: do 2 ao 6 de setembro de 2024

SEGUNDO. Aprobar o prezo público para o citado programa cos seguintes prezos:

- 1º quenda: do 24 ao 28 de xuño de 2024.....12,5 €
- 2º quenda: do 1 ao 31 de xullo de 2024.....50 €
- 3º quenda: do 1 ao 31 de agosto de 2024.....50 €
- 4º quenda: do 2 ao 6 de setembro de 2024.....12,5 €

TERCEIRO. Aprobar a exención de pagamento do prezo público para as prazas reservadas para menores en situación ou risco de exclusión social derivados desde os Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Bueu.

Publícase o presente Acordo no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia (en extracto) a efectos do seu xeral coñecemento. Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, pode recorrerse potestativamente en reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no BOPPO, de conformidade co artigo 14 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. O prazo para interpor, no seu caso, recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Pontevedra, será de 2 meses a contar desde o día seguinte o da recepción da resolución expresa do recurso de reposición. Se non houberse resolución expresa o prazo será de 6 meses, a contar desde a data en que se entenda desestimado por silencio o recurso de reposición en virtude do artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso que estime máis pertinente.

(Documento asinado dixitalmente ao marxe)

